

ENCADEADOS

[Alfred Hitchcock, 1946]

103

ESTREA EN NUMAX: 08.04.2016 | v.o.s.e. | +14

Notorious (1946, 101')

Dirección: Alfred Hitchcock

Guión: Ben Hecht

Reparto: Cary Grant, Ingrid Bergman, Claude Rains, Louis Calhern, Leopoldine Konstantin, Reinhold Schünzel, Moroni Olsen, Ivan Triesault, Alex Minotis, Wally Brown, Charles Mendl

Montaxe: Theron Warth

Dirección de arte: Carroll Clark, Albert S. D'Agostino

Son: Terry Kellum, John E. Tribby, Clem Portman

Música: Roy Webb

Fotografía: Roy Webb

Produtora: RKO Radio Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.37 : 1

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Frenesí, 1972

Vertigo, 1958

La ventana indiscreta, 1954

Extraños en un tren, 1951

La soga, 1948

La sombra de una duda, 1943

Alarma en expreso, 1938

SINOPSE

Tras a Segunda Guerra Mundial o pai de Alicia Huberman, un espía nazi, é condeado por traizón contra os Estados Unidos. Despois do xuízo, Alicia dá unha festa na que aparece un aposto descoñecido chamado Devlin. Trátase dun axente dos servizos de Intelixencia que reclama a súa colaboración para atrapar a Alexander Sebastian, o cerebro dos nazis en Brasil.

«Neste filme de primeiros planos, a materia admirabelmente resaltada pola fotografía de Ted Tetzlaff brilla cunha luz alternativamente xeada ou candente»

Claude Chabrol e Eric Rohmer en *Hitchcock*



ENCADEADOS

[Alfred Hitchcock, 1946]

Entrevista a Alfred Hitchcock

Por François Truffaut

Tiña verdadeiras ganas de chegar a *Encadeados* que é de todos os seus filmes o que prefiro; en todo caso, de todos os seus filmes en branco e negro. *Encadeados* é a quintaesencia de Hitchcock. Cando comezamos a escribir *Encadeados* iniciéi o meu traballo con Ben Hecht buscando o *Mac Guffin* e, como ocorre a miúdo, empezamos de xeito titubeante e emprendemos camiños complicados de máis. O principio do filme xa estaba establecido: a heroína, Ingrid Bergman, debía dirixirse a América Latina acompañada polo home do FBI, Cary Grant, e tiña que penetrar na casa que utilizaba como cuartel xeral un grupo de nazis, para descubrir a súa actividade.

Nun principio na historia interviñan xentes do goberno e da policía, así como grupos de refuxiados alemáns en América Latina que se adestraban e armaban clandestinamente en campamentos especiais co fin de formar un exército secreto; mais non sabíamos que se ía facer con este exército cando se constituíse de todo. Polo tanto, botamos todo iso á papeleira e adoptamos un *Mac Guffin* moi simple pero concreto e visual: unha mostra de uranio disimulado nunha botella de viño.

Daquela o produtor entrevistou: «Polo amor de Deus, que é iso?» Ao que eu respondín: «O uranio, que debe servir para fabricar unha bomba atómica». El engade, «que bomba atómica?» Isto ocorría en 1944, un ano antes de Hiroshima. De todo iso eu non tiña máis ca unha leve indicación, unha débil pista. Un escritor amigo meu contoume que nalgunha parte do deserto de Novo México, algúns sabios traballaban nun proxecto secreto, tan secreto que, entraban á fábrica e non volvían xa saír. Sabía tamén que os alemáns facían experiencias con auga pesada de Noruega e desta maneira é como cheguei á idea do *MacGuffin-uranio*. O produtor estaba escandalizado. Esta historia da bomba atómica parecíalle demasiado absurda para servir de base a un filme. Díxenlle, «non é a base da historia, non é máis ca o *MacGuffin*», e entón

explíqueille o que era o *MacGuffin* e a pouca importancia que convíña darlle. O caso é que non conseguín convencer ao produtor, que terminou revendéndonos dúas semanas despois á RKO: Ingrid Bergman, Cary Grant, o guión, Ben Hecht e máis eu, todo empacotado.

***Encadeados* continúa a ser un filme extraordinariamente moderno. Contén poucas escenas e é dunha pureza magnífica; é un modelo de construción de guión. Quero dicir que neste filme conseguiu vostede o máximo de efectos co mínimo de elementos. Todas as escenas de suspense están organizadas arredor de dous obxectos que son sempre os mesmos: a chave e a falsa botella de viño. A intriga sentimental é a máis sinxela do mundo: dous homes namorados da mesma muller. De todos os seus filmes, na miña opinión, este é aquel no que se sente a comunión máis perfecta entre o que quería conseguir e o resultado da pantalla. Non sei se nesa época xa debuxaba polo miúdo cada plano do filme, pero véndoa teño a sensación de algo tan preciso e controlado como un debuxo animado. O grande éxito de *Encadeados* débese probabelmente a que acadou o *súmmum* de estilización e o *súmmum* de sinxeleza (...) Outra das claves da perfección do filme é o reparto: Cary Grant, Ingrid Bergman, Claude Rains e a señora Konstantin. Creo que canda Robert Walker e Joseph Cotten, Claude Rains foi o seu mellor malo, e era verdadeiramente moi humano. Era unha boa parella, Rains e Bergman, pero nos planos próximos a diferenza de estatura era tan grande que se queríamos ter aos dous no cadro había que montar a Rains sobre unhas calzas. En certo momento, víaselles aos dous chegar de lonxe nun plano panorámico e era imposíbel que Rains se subise a unhas calzas; foi, por tanto, necesario, construír unha especie de falso chan que se elevaba progresivamente.**

Extraído de *El cine según Hitchcock*, Alianza 2016

NA NOSA LIBRARÍA

El cine según Hitchcock

François Truffaut. Alianza, 2016

Hitchcock-Truffaut: edición definitiva

François Truffaut. Akal, 1991

Alfred Hitchcock. José Luis Castro de Paz Cátedra, 2012

Hitchcock. Claude Chabrol / Eric Rohmer Manantial, 2010

Atrapa a un ladrón. Universal [Blu-Ray]

Cortina Rasgada. Universal [Blu-Ray]

Frenesí. Universal [Blu-Ray]

La soga. Universal [Blu-Ray]

La sombra de una duda. Universal [Blu-Ray]

La trama. Universal [Blu-Ray]

La ventana indiscreta. Universal [Blu-Ray]

Los pájaros. Universal [Blu-Ray]

Marnie la ladrona. Universal [Blu-Ray]

Vértigo. Universal [Blu-Ray]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org